

# BANDO

LUIS MENOR PÉREZ, ALCALDE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR,

## FAI SABER:

**TRAS OBSERVAR DE XEITO REITERADO OS CONTEDORES PÚBLICOS PARA RESIDUOS DOMÉSTICOS DENTRO DALGUNHAS PARCELAS DAS NAVES DO PARQUE EMPRESARIAL, RECORDÁSELLES QUE ESTÁ PROHIBIDO, SEN NINGÚN TIPO DE EXCEPCIÓN, TER O CONTEADOR VERDE DENTRO DOS SEUS RECINTOS PRIVADOS, OS CONTEDORES SON DE TITULARIDADE PÚBLICA, NON ESTANDO ADXUDICADOS A NINGUNHA EMPRESA EN PARTICULAR, E DAN SERVIZO SOAMENTE AO LIXO DE TIPO DOMÉSTICO XERADO NOS PROPIOS VIAIS OU SIMILARES AOS DOMÉSTICOS XERADOS POLAS EMPRESAS E SEMPRE DEBEN ESTAR SITUADOS NA VIA PÚBLICA.**

Segundo a “Ley 22/2011, de 28 de julio, de residuos y suelos contaminados, Publicado en BOE núm. 181 de 29 de Julio de 2011” diferenciase entre:

- «Residuos domésticos»: refugallos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considerándose tamén residuos domésticos os similares xerados en servicios e industrias, os residuos procedentes de limpeza de vías públicas e zonas verdes.
- «Residuos industriais»: refugallos resultantes dos procesos de fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou de mantemento xerados pola actividade industrial, excluídas as emisións á atmosfera reguladas na Lei 34/2007, de 15 de novembro. (<https://sirga.xunta.gal/presentacion-tipos-de-residuos>)

Tendo en conta que unha instalación industrial na que se realiza un proceso produtivo, sempre existe fluxo de xeración de residuos que non son domésticos, considérase a estas persoas xurídicas produtoras de residuos e establécese entre as súas obrigas a de xestionar os **residuos industriais** que produce ou posúe por medio dun xestor autorizado (<https://sirga.xunta.gal/xestores>), pois a lexislación establece que os custes relativos a xestión dos residuos industriais terán que correr a cargo de quen os produce, correspondéndolle as entidades locais (Concellos ou Deputacións) o servizo de recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos xerados en fogares, comercio, industrias e servizos.

MOITAS GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN.

NO PEREIRO DE AGUIAR ,NA DATA DA SINATURA ELECTRÓNICA

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395